



CES
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

actividades 2011

Índice

Carta da presidenta. Presentación

Qué é o CES

Competencias

Funcións

Composición e estrutura

Os membros do CES

Órganos

Reunións dos órganos colexiados

Procedementos. Cómo funciona o CES

Toma de posesión da presidenta e o novo Pleno

Xestión económico-administrativa

Orzamentos do CES en 2011

Traballos aprobados

Actividade institucional

Carta da presidenta

O Consello Económico e Social de Galicia arrincou no verán de 2011 unha nova etapa. Logo dunha andaina longa e fructífera, desde aquel xa lonxano 1996, o nomeamento dun novo Pleno abriu un ilusionante período de actividade.

Ilusión foi, precisamente, a miña sensación cando fun nomeada como presidenta deste organismo. Pero tamén, evidentemente, responsabilidade por participar e contribuir á consolidación da institución, do seu papel vertebrador da presenza na escea pública da opinión da sociedade civil organizada, dos protagonistas das correntes económicas e sociais que artellan a nosa sociedade.

E todo isto nun contexto especialmente difícil, cunha crise que fai aínda máis importante o valor do consenso, que ten que ser, na miña opinión, a razón de ser do organismo. Este foi o reto que asumimos, eu persoalmente, pero tamén os membros deste Consello, un desafío apaixonante que vai esixir o mellor de todos nos.

Neste breve período mantivemos a actividade consultiva do CES pero tamén comezamos a abordar o relanzamento do Consello como expresión da opinión dos axentes económicos e sociais. Nesta memoria de actividades damos conta dos oito ditames que foron aprobados no ano e mais da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2010.

Non quero despedir esta breve introducción sen expresar unha sentida lembranza para o meu predecesor. Os anos de Pablo Egerique na presidencia do Consello serviron para consolidar a institución e marcaron a súa traxectoria como referente dos intereses sociais e económicos dos galegos.

Agora, co esforzo máximo de quenes asumimos a tarefa, coa participación plena das organizacións representadas no Pleno, seremos capaces, estou certa, de afrontar con garantías estes tempos difíciles.

Corina Porro Martínez

Presidenta

Qué é o CES

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma.

O CES de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopcións de decisións por parte do Executivo autonómico.

No CES está representado un amplo número de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo -desde os sindicatos ás Universidades, dos pescadores aos consumidores-, o que lle confire o seu especial carácter de foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para o exercicio da súa función consultiva. Este labor aplícase non só á actividade normativa gubernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñan propostas encamiñadas a unha eventual introducción de reformas nas políticas públicas aplicadas aos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello Económico e Social son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e integración europea.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do Consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxec-

tos de lei, proxectos de decretos legislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

Competencias

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Funcións

Entre outras funcións, o CES emite **ditames** preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.

O Consello tamén elabora **informes**, por iniciativa propia ou a petición da Xunta, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma. Nese eido, pode dar a coñecer ao Goberno a súa opinión sobre a execución destes plans.

A participación en **mesas sectoriais** xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.

A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta unha **Memoria** sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gubernamentais.

Composición e estrutura

O Consello Económico e Social está formado por 35 membros: tres grupos de 11 membros, máis a presidenta e o secretario xeral.

- Grupo I: Os seus once membros son designados polas organizacións sindicais en función da súa representatividade. Neste momento, 4 membros corresponden a UGT-Galicia, 3 membros á Confederación Intersindical Galega e 4 membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.

- Grupo II: Corresponde ás organizacións empresariais con capacidade representativa. Os seus once membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.

- Grupo III: Acolle diversas entidades e asociacións. O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, 2 membros de Xóvenes Agricultores, 1 de Unións Agrarias e 1 do Sindicato Labrego Galego); 2 membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas Confrarías de Pescadores; 2 membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; e 3 representantes das Universidades galegas.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo.

Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos antes da finalización do seu mandato polas entidades que os designaron.

Os membros do CES

O Pleno do CES está composto, no momento de publicar a presente Memoria de actividades, polos membros (titulares e suplentes) que, organizados por grupos e segundo a organización á que pertencen, de seguido se relacionan:

Presidenta

María Corina Porro Martínez

Secretario xeral

Juan José Gallego Fouz

Membros Titulares

Membros Suplentes

Grupo 1.- Organización sindicais

Sindicato UGT-Galicia

José Carlos Rodríguez del Río

Eladio A. Romero Ares

Delia Irene Martínez Conde

Rosa Arcos Caamaño

Carmen Brea Iglesias

Domingo Barros Montáns

Ernesto Fontanes Blanco

Mar Alfonsín Madrigal

CIG (Confederación Intersindical Galega)

Manuel Currás Meira

Héctor López de Castro

Fernando R. Acuña Rúa

Xavier Rodríguez Fidalgo

Natividade López Gromaz

Margarida Corral Sánchez

Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia

Clara Gamarra Lozano

Adela Poisa Baños

Maica Bouza Seoane

José Manuel Lago Peñas

Xesús Ángel Castro Baamonde

Auri Vázquez Estraviz

Ascensión Esteban Ceballos

Xesús Penedo Pallas

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia

Fausto Santamarina Fernández

José Antonio Neira Cortés

Antón Arias Díaz Eimil

Verónica Val Vázquez

Javier Martínez López

José Ramón Franco Caaveiro

José Luis Veiga Corral

José Manuel Rodríguez Tarrío

Eugenio Geijo Carril
 Ángel Hermida Lage
 María de Miguel Pérez
 José Manuel Fernández Alvariño
 Francisco Serna Gómez
 Carlos González Fernández
 Juan B. Salle Barreiro

José Manuel Maceira Blanco
 Alejandro Prada Baceiredo
 Marta Amate López
 Rafael Serrano Hernández
 Araceli de Lucas Sanz
 Ángel Fernández Presas
 Ana Belén Vázquez Eibes

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións

Unións Agrarias de Galicia

Pedro González Boquete

Alba Torreira Puga

Sindicato Labrego Galego

Isabel Vilalba Seivane

Xosé Pérez Rei

Xóvenes Agricultores

Antonio de María Angulo

Manuel D. Fontela Ríos

Juan Pérez Sánchez-Orozco

Francisco Bello Bello

Confrarías de Pescadores de Galicia (Baixura)

Evaristo Lareo Viñas

Jesús Ramón Longueira Suárez

Confrarías de Pescadores de Galicia (Marisqueo)

José Antonio Gómez Castro

Francisco Javier Martínez Durán

Consello Galego de Consumidores e Usuarios

Miguel López Crespo

Otilia Novegil Villanueva

Rosa Celia Otero Raña

María Josefa Neira González

Universidade da Coruña

Ángel S. Fernández Castro

Gustavo Rego Veiga

Universidade de Santiago

Sara Cantorna Agra

M^a Lourdes Batán Aira

Universidade de Vigo

Xosé Henrique Vázquez Vicente

Juan C. Surís Regueiro

Órganos

A participación efectiva dos membros no traballo do CES artéllase a través de distintos órganos colexiados: o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais. En canto a órganos unipersonais, cómpre citar tamén á Presidenta e ao Secretario Xeral.

O **Pleno** é o órgano de goberno do Consello. Está composto polos seus 35 membros, todos con dereito a voto agás o secretario xeral. O Pleno establece as liñas xerais de actuación do Consello e organiza o seu funcionamento interno, aproba os ditames, estudos ou informes, decide a elaboración doutros traballos e aproba tamén a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia.

Neste ano 2011 produciuse, logo dun longo periodo en funcións, a renovación total dos membros do Pleno. O acto de toma de posesión merece un apartado especial na presente Memoria de actividades.

A **Comisión Permanente** é o órgano colaborador do Pleno no goberno do CES. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares, tres de cada un dos grupos que o compoñen. Entre as súas funcións destaca a supervisión das actividades do organismo e a coordinación dos traballos das diferentes comisións. A Comisión Permanente eleva ao Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do Consello.

As tarefas cotiás de elaboración de informes e ditames están adscritas ás **comisións sectoriais**, grupos de traballo de nove membros que manteñen a representación proporcional do Pleno. O CES funciona con catro comisións sectoriais especializadas por ámbitos:

- CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos
- CS-2: Sector público e benestar social
- CS-3: Desenvolvemento rexional
- CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia

A **presidenta** representa ao Consello e dirixe as súas actuacións, ademais de velar polo bo funcionamento do mesmo.

O **secretario xeral** é o órgano de asistencia técnica e administrativa do CES e o depositario da fe pública dos seus acordos.

• Reunións órganos colexiados

O número de sesións dos órganos colexiados do Consello no 2011 foi o seguinte:


Pleno	11 sesións
Comisión Permanente	9 sesións
CS-1	24 sesións
CS-2	10 sesións
CS-3	1 sesión
CS-4	9 sesións

Aínda que o número de sesións das distintas comisións de traballo é moi variable, en función do número e do contido dos anteproxectos de Lei sometidos a ditame do Consello, de seguido amósase a súa evolución nos últimos anos.


Evolución do número de sesións dos órganos colexiados

	2007	2008	2009	2010	2011
Pleno	9	9	6	8	11
Comisión Permanente	11	9	7	9	9
C. Sectorial nº 1	17	16	12	13	24
C. Sectorial nº 2	24	28	2	13	10
C. Sectorial nº 3	5	12	16	7	1
C. Sectorial nº 4	10	11	7	13	9

Evolución do número de sesións do Pleno e da Comisión Permanente



Evolución do número de sesións das comisións sectoriais



Procedementos. Cómo funciona o CES

O ámbito das funcións atribuídas ao Consello Económico e Social de Galicia, son, como é sabido, as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo o acordo tomado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de febreiro de 1999, "enténdese por materias socioeconómicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo".

• O procedemento externo

O procedemento establecido para que o Goberno galego solicite a actuación consultiva do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión, nos seguintes termos:

"1.- Correspóndelle ao Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de ditames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellerías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesarano do presidente da Xunta.

A petición de dictames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellerías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren ditame preceptivo do CES-Galicia, xustificarán o dito extremo mediante a incorporación ao expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o ditame, salvo no caso de que este finalmente se interese."

● Procedementos internos

O seu Regulamento de Réxime Interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22 de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o procedemento xeral como os distintos procedementos específicos.

- Procedemento xeral:

O procedemento xeral iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun ditame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ao presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. Á vez, notifícase esa remisión á Comisión Permanente e, por extensión, en virtude dun acordo plenario, a todos os membros do CES.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera máis oportuno, sempre contando co apoio dos servizos técnicos do Consello, en particular do Centro de Documentación e do Gabinete Técnico. Se se estima necesario, pode contar co asesoramento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactada unha proposta de ditame (os informes ou estudos iniciados por propia iniciativa seguen un proceso similar, agás na súa orixe), entrégaselle ao presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello.

No caso de que a aprobación corresponda ao Pleno (que é o habitual), a Comisión Permanente limitarase a coñecer o texto remitido pola comisión sectorial e convocar a celebración da sesión plenaria. Antes da data sinalada para a mesma, os membros do Consello poden presentar as enmendas que estimen oportunas ao texto proposto. Se se trata de enmendas totais, estas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posi-

bles enmendadas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sométese tamén a votación para a súa aprobación.

Se non se acadara unha maioría suficiente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

- Procedementos específicos:

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio procedemento específico de elaboración aprobado pola Comisión Permanente, que son lixeiras variacións respecto a este esquema xeral para adaptalo ás características concretas dos informes, ditames, informes-opinión ou a Memoria socioeconómica.

Toma de posesión da presidenta e dos novos membros do Pleno

Toma de posesión da presidenta e dos novos membros do Pleno

Logo dun prolongado período, en xullo deste ano 2011 produciuse a renovación total do Pleno do Consello Económico e Social, pendente desde o remate teórico do anterior mandato, en 2008. En senllos decretos publicados no DOG o 8 de xullo de 2011 foron nomeados os novos membros e mais a presidenta.

Ver no DOG o Decreto 136/2011, do 7 de xullo, polo que se nomean os membros do Consello Económico e Social de Galicia.

Ver no DOG o Decreto 137/2011, do 7 de xullo, polo que se dispón o nomeamento da presidenta do Consello Económico e Social de Galicia.



Pablo Egerique, Marta Fernández Currás, Alberto Núñez Feijóo e Corina Porro acceden á sesión plenaria.

A sesión plenaria de toma de posesión dos novos membros tivo lugar, na sede do Consello, o pazo de Amarente, o 15 de xullo e contou coa presenza do presidente saínte, Pablo Egerique Martínez, da nova presidenta, María Corina Porro Martínez, e do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, que presidiu o acto.

Asistiron tamén, como invitados, as conselleiras de Facenda, Marta Fernández Currás, e de Traballo, Beatriz Mato Otero, a presidenta do Consello Consultivo de Galicia, María Teresa Conde-Pumpido, e o presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, Demetrio Fernández López.



A nova presidenta do CES co presidente da Xunta de Galicia.

Corina Porro Martínez ten unha longa traxectoria profesional no eido público. Nada en Ferrol, a súa andaina está fortemente vencellada á cidade de Vigo, onde comezou a súa carreira política como concelleira en 1995. También foi directora xeral de Servizos Sociais na Xunta de Galicia e, en 2001, logo de ter sido elixida diputada polo PP no Parlamento de Galicia,

foi nomeada conselleira de Asuntos Sociais. De volta á política local, tomou posesión como alcaldesa de Vigo en decembro de 2003, cargo que mantevo ata as eleccións de maio de 2007. Ten sido tamén diputada no Congreso e vicepresidenta da Deputación provincial de Pontevedra en dúas ocasións, nas áreas de Cultura e Vigo. No seu currículo figura tamen o cargo de senadora en dous períodos distintos. A súa experiencia na xestión complétase coa presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo.



Corina Porro xura o seu cargo como presidenta do CES-Galicia en presenza de Núñez Feijóo.

Logo de xurar o seu novo cargo, a presidenta do Consello dirixíuse ao Pleno nunha breve intervención na que gabou o labor do seu antecesor e salientou o valor que ten acadar os máximos consensos para o seu traballo ao fronte do organismo consultivo.

Porro, que salientou o labor desenvolvido nestes anos polo presidente saínde e polos integrantes do CES no empeño de promover un maior pro-

greso económico e social dos galegos, asegurou na sesión plenaria que afrontaba a súa nova etapa con ganas e vontade de éxito.



Unha vista da sesión plenaria, cos novos membros do Consello.

Falando das súas inquedanzas pola situación, a nova presidenta indicou que “o momento económico obríganos a ser independentes, que non equidistantes; máis rigorosos, aínda que non menos implicados; e máis dialogantes se é posible, pero non menos eficientes”.

Tamén amosou a súa vontade de poñer todo o seu esforzo para acadar que o Consello se sitúe como un organismo “aínda máis cercano aos problemas reais de Galicia e a un consenso máis e mellor traballado, no que aportar o noso esforzo para encontrar ese espazo único pero verdadeiro, onde ninguén gana porque non perde ninguén».

Pola súa banda, o titular do Executivo autonómico entrevistou para poñer ao Consello Económico e Social como un exemplo de “participación e atención”

que permite “que a política recupere as súas orixes” e como o lugar “onde teñen que fraguarse os denominadores comúns que nos permiten seguir camiñando xuntos”

“O Consello Económico e Social é un punto de encontro, o ágora social de Galicia, o equivalente a eses adros nos que as nosas comunidades rurais ensaiaban o autogoberno”, indicou o presidente.

Núñez Feijóo referiuse ao CES como un organismo de “participación e atención ao que ocorre fora dos ámbitos da política oficial” que permite que “a política recupere as súas orixes e que tomen un novo impulso institucións como esta”.

Neste sentido, Feijóo subliñou que, entre a rede de organismos que permiten considerar a Galicia como unha democracia “máis transparente e máis participativa”, atópase o CES, lugar “onde teñen que fraguarse os denominadores comúns que nos permiten seguir camiñando xuntos”.

O titular do Executivo Autonómico resaltou a figura da nova presidenta do CES, Corina Porro, e indicou que conta ao seu favor “co excelente legado” de Pablo Egerique, coa súa “experiencia sobrada en todo tipo de administracións” nas que deixou “unha impronta incomparable”, e, sobre todo, co seu “apego á xente, a súa sensibilidade para captar e asimilar o que está sucedendo na sociedade”.

Para rematar, Feijóo pediu á nova presidenta “un esforzo para que aquí teñan eco as novas inquedanzas; para que ninguén se sinta defraudado nin esquecido, nin poida dicir que a nosa democracia carece dunha cámara de resonancia social”.

Toma de posesión do novo secretario xeral

Para completar o Pleno só estaba pendente o nomeamento do secretario xeral, posto vacante desde a xubilación do seu anterior titular. O decreto de nomeamento de Juan José Gallego Fouz como secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia foi publicado no DOG do venres 5 de agosto de 2011.

Ver no DOG o Decreto 164/2011, do 4 de agosto, polo que se nomea o secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia.

Juan José Gallego Fouz tomou posesión do seu novo cargo como secretario xeral do CES na sesión plenaria do organismo celebrada o 5 de setembro. Coa toma de posesión de Gallego completouse o cadro directivo do Consello, logo dun longo período en funcións. Coa súa incorporación, o CES quedaba en condicións de pleno rendimientto no cumprimento das súas funcións consultivas.

Nun sinxelo acto, o secretario xeral refiriuse ao novo compromiso de servizo a Galicia que supón o seu cargo, gabou o labor dos seus antecesores y puxo a disposición do Pleno a súa experiencia e formación.

Gallego Fouz é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, técnico de OO.AA. do Estado, letrado da Xunta de Galicia e tamén do Consello Consultivo de Galicia, organismo do que fora secretario xeral desde o ano 2000 ata o 2009. A súa ampla experiencia pública, tanto na Administración do Estado como na autonómica, complétase con masters en Comunidades Europeas e ten traballado como "*stagiaire*" na Comisión Europea en Bruxelas.

Na sesión plenaria, a presidenta do CES, logo de dar a benvida ao novo secretario xeral, lembrou a súa traxectoria, en especial a súa experiencia nun órgano da relevancia institucional do Consello Consultivo.

Xestión económico-administrativa

• Organigrama técnico-administrativo

Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha estrutura de técnicos e persoal de administración, formada por nove traballadores, que se organiza en distintos departamentos.

- O **Gabinete Técnico**, composto por dous expertos economistas, é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e ditames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. O Gabinete aporta as referencias estatísticas necesarias para os traballos, as analiza e prepara unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das Comisións Sectoriais.

O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e ditames que, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, elabora o Consello, previas ás consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

- O **Centro de Documentación** é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ao Pleno do CES todos os datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Tamén pon a disposición dos membros do Consello fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis ampla gama de soportes. Xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

O función do responsable do Centro de Documentación e apoio ao Consello é facilitar aos seus membros e ao Gabinete Técnico os materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións.

O Centro de Documentación e Apoio ao Consello ofrece información especializada na área socioeconómica aos membros do CES-Galicia e ao persoal técnico deste.

Internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento desde hai varios anos.

- O responsable do Departamento de **Xestión** encárgase de todas as funcións de xestión presupostaria e contable, da contratación de servizos e suministros, do seguimento das obras, reformas e manteñemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

- As tarefas de **comunicación** do organismo artéllanse no Gabinete da Presidencia. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do secretario xeral, do seguimento do proceso dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e da coordinación das publicacións do CES, entre elas a presente memoria.

- O responsable da unidade de Administración da **rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do Centro de Documentación, encárgase do deseño e manteñemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ao traballo diario e mais á relación cos seus membros. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello.

- Tres auxiliares administrativos técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do Departamento de Xestión e funcionalmente dos responsables das áreas ás que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

O orzamento do CES en 2011

Para o cumprimento das súas funcións, o Consello Económico e Social de Galicia contou en 2011 cun presuposto de setecentos oitenta e oito mil euros, logo dunha moi importante redución, superior ao 30%, respecto ao ano anterior.

Prácticamente dous terzos do orzamento están asignados aos gastos de persoal e prestacións sociais, que ascenderon a 527.000 euros.

O resto do orzamento distribúese entre os gastos correntes e servizos exteriores (electricidade, auga, limpeza, seguridade) e as asignacións con que se compensan as asistencias dos membros do Consello ás distintas comisións de traballo. Este último concepto recibe 140.000 euros dos 261.000 da partida de servizos.

Orzamento do CES 2011		
	(en miles de euros)	
	<u>Importe 2011</u>	<u>%</u>
Presuposto de explotación. Ingresos	788	
Presuposto de explotación. Gastos	788	
Servizos exteriores	261	33,1
Gasto corrente	121	
Asignacións	140	
Gastos de persoal e prestacións sociais	527	66,9


Distribución dos gastos do CES en 2011



Evolución do orzamento do CES nos últimos anos

(en miles de euros)

	2009	2010	2011
Orzamento total	1.312	1.154	788
Subvención explotación	1.288	1.136	788
Subvencións de capital	24	18	0
Gastos de persoal e prestacións sociais	552	552	527
Explotación, gastos correntes	736	602	261



Traballos realizados en 2011

Ao longo de 2011, o Consello Económico e Social elaborou os seguintes traballos:

Todos eles poden ser consultados na correspondente sección do sitio web do Consello.

- **Ditames**

8/11 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas

7/11 Ditame sobre o anteproxecto de Lei galega de protección xeral dos consumidores

6/11 Ditame sobre o anteproxecto de Lei reguladora da política industrial de Galicia

5/11 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de acción voluntaria de Galicia

4/11 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia

3/11 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de mobilidade de terras

2/11 Ditame sobre o anteproxecto de Lei do turismo de Galicia

1/11 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia

- **Memoria** sobre a situación económica e social de Galicia 2010.

Comparativa do número de informes y dictámenes realizados nos últimos anos (2008-2011)


Agás a aprobación da memoria sobre a situación económica e social, que ten carácter anual, o número de informes e, sobre todo, de ditames aprobados cada exercicio polo Consello é moi variable, xa que en boa medida depende da solicitude do Executivo e, por tanto, da actividade normativa que en cada momento éste aborde.

En todo caso, amósase unha comparativa do número de traballos realizados polo Pleno do CES nos últimos anos.

Evolución do número de traballos aprobados polo CES

	2007	2008	2009	2010	2011
Ditames	11	12	6	5	8
Informes	1	1	0	0	0
Memoria	1	1	1	1	1

Evolución do número de ditames aprobados polo CES-Galicia



Actividade institucional

A actividade institucional do CES-Galicia está protagonizada fundamentalmente polo súa presidenta, como representante do Consello diante doutras institucións ou organismos, sexa a Xunta de Galicia, o Parlamento ou os outros CES. As veces, o secretario xeral cumpre tamén un papel neste eido, fundamentalmente na relación con organismos homólogos ou no traballo cotián.

Como cada ano, a presidente compareceu na Comisión de Economía do Parlamento de Galicia para dar conta do orzamento previsto para o vindeiro ano. Como é habitual, os distintos voceiros dos grupos gabaron a actividade do organismo no último ano e a súa independencia. Esta comparencia tivo lugar o 9 de novembro. De seguido, un extracto da intervención da presidenta na Comisión.

"Fai agora catro meses que comparecía neste Parlamento de Galicia con ocasión da miña designación como presidenta do Consello Económico e Social de Galicia, para darlles conta das principais liñas de actuación que me propuña levar a cabo ao fronte do CES. Prácame voltar de novo ante vostedes, nesta ocasión para expoñerlles os presupostos que pretenden sustentar materialmente as ditas actuacións programáticas.

Na miña primeira comparencia ante este Parlamento como representante do CES de Galicia puña de relevo a importante achega, que este ente consultivo está a facer para promover un maior progreso económico e social das galegas e galegos. Por iso, decía, que era preciso, agora, avanzar cun renovado compromiso de esforzo e independencia, no fortalecemento do papel dos axentes económicos e sociais nos procesos de toma de decisións, para xerar entornos sociais sensibles e activos co conxunto da cidadanía.

Pois ben, coa vista posta nese renovado esforzo que temos que realizar por manter a este órgano no papel que lle corresponde no conxunto dos entes institucionais da Comunidade Autónoma, presentamos o presuposto asignado a este organismo para o ano 2012 do que temos que dicir en primeiro lugar que non é verdadeiramente o que nos gustaría, pois son moitas e diferentes as actividades que tiñamos en mente para encarar este novo curso e que, sen embargo, vamos ter que afrontar dunha forma mais modesta da que inicialmente preveíamos.

Somos plenamente conscientes de que a actual situación económica vai esixirnos a todos un esforzo mais aló do que ata fai pouco podíamos prever. Sen embargo o presuposto é o que é e, por outra parte, debemos ser conscientes de que a presente coxuntura económica non nos excusa, nin moito menos, de cumprir os nosos compromisos coa sociedade polo que estamos obrigados por tanto a administrar os recursos dos que vamos dispor con dilixencia e eficacia para cumprir os ambiciosos obxectivos que nos temos marcado. E este é, en definitiva, o reto que se nos presenta de cara aos presupostos dos que agora damos conta.

(...) aínda que as nosas previsións contemplaban unhas cifras de presuposto maiores, estimamos que os preto de 800 mil euros dos que vamos a dipoñer, supoñen, aplicados con criterios austeros pero eficientes, unha oportunidade de facer cousas novas e con plantexamentos renovados.

(...) queremos presentar novas iniciativas, para, en definitiva, facer máis cousas sen que iso implique necesariamente comprometer máis gasto. Austeridade, ante todo, pero sen renunciar a un certo grado de esixencia e compromiso en orden a impulsar a actividade do CES.

(...)Uns presupostos cunhas dotacións moi parecidas ás do ano anterior, cun mínimo incremento no que se refire a gastos de persoal, por unha cuestión de simple axuste das cifras.

Co dito presuposto, como adiantaba, pretendemos, nuns casos, recuperar tarefas e iniciar outras novas que permitan dar un maior impulso á actividade do CES tanto no actual como en futuros exercicios, desde a mellor formación do persoal ata a celebración de xornadas de debate ou a mellora da páxina web. En todo caso, claro está, todo iso sen merma das tarefas que por mandato legal temos asignadas.

(...)

Quero insistir en que somos conscientes da necesidade de axustar o noso presuposto á actual coxuntura económica e de diminución dos ingresos das Administracións públicas e que, polo tanto, a política de austeridade no gasto debe primar nun contexto como o presente na previsión orzamentaria dos organismos públicos. Nesta liña, o Consello ven de facer nestes últimos meses, como dicía, un notable esforzo de contención e mesmo recorte das principais partidas presupostarias ás que xa me referí. De cara ao 2012, unha das primeiras medidas que nos propoñemos é un plan de axus-

te no que se está a traballar e que preveo presentar ao Pleno do CES en próximas datas e que ten como obxectivo a moderación no gasto, evitando así que este rebase o conxunto das dotacións presupostarias previstas para o exercicio 2012, que como xa vimos no presuposto de 2011, están moi menguadas respecto a anos pasados.

Mais, como dicía tamén eses recortes en ningún caso deben impedir, pois a nosa esencial función así no lo esixe, seguir aportando a nosa reflexión e criterio na búsqueda de alternativas que os tempos actuais demandan.

Moitas grazas a todos de novo pola súa consideración hacia o CES.”

Relacións con outros organismos

Desde hai xa preto dunha decena de anos, os presidentes e secretarios xerais dos Consellos Económicos e Sociais autonómicos e mais o de España celebran un encontro anual para poñer en común experiencias, iniciativas, intercambiar datos ou mesmo coordinar accións de interese mutuo. O encontro anual deste ano tivo como anfitrión ao CES da Comunidade de Madrid e celebrouse, cun formato recortado respecto a convocatorias precedentes por mor da contención presupostaria, o día 31 de marzo na capital. Entre outros asuntos, os responsables dos consellos falan dos avances acadados no eido da coordinación da documentación e as páxinas web dos CES autonómicos.

Outra das fronteiras de actuación institucional da presidenta foi a viaxe a Bayonne (Francia) para a presentación, no marco do Comité das Rexións, dos traballos da Rede Transnacional Atlántica. Na reunión do Comité de Orientacións desta organización que agrupa aos CES europeos do Arco Atlántico, Corina Porro foi elixida para ostentar unha das vicepresidencias da rede durante os vindeiros dous anos.

A reunión sirviu tamén para establecer fórmulas de colaboración entre os consellos económicos e sociais que forman a RTA e o CES da Unión Europea, que estivo representado na asemblea, para participar no estudo que este último desenvolverá sobre a Estratexia Integrada Atlántica (EIA). Trátase dun proxecto transnacional auspiciado pola Unión Europea que ten como obxectivo corrixir o crecente carácter periférico das rexións da cara atlántica continental, aspecto que afecta de xeito singular a Galicia.



A presidenta do CES, na reunión da RTA en Bayonne.

Neste marco, o CES de Galicia está a dirixir a elaboración dun estudio de ámbito europeo sobre os portos da fachada atlántica.

Neste mesmo ámbito de participación e colaboración cos institucións homólogas do continente, o CES tamén participou, coa presenza do secretario xeral, na Conferencia de Lisboa sobre "Economía e Ciencias de Mar do Atlántico para un desenvolvemento sustentable de Europa", celebrada na capital lusa os días 28 e 29 de novembro.